

ESTREA EN NUMAX: 04.10.2019 | V.O.S.E. | TP

Varados (2019, 72')

Dirección: Helena Taberna

Guión: Helena Taberna

Son: Jorge Alarcón

Montaxe: Renato Sanjuán

Música: Ignacio Bilbao

Fotografía: Frodo García-Conde

Produtora: Lamia Producciones (España)

Distribuidora: Márgenes

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español, Inglés, Árabe, Farsi

FILMOGRAFÍA

Acantilado, 2016

Nagore, 2010

La buena nueva, 2008

Extranjeras, 2003

Yoyes, 1999

Alsasua 1936, 1994

SINOPSE

No Mediterráneo, o mar sobre o que se fundou a nosa civilización, miles de refuxiados agardan a que Europa os acolla. Ás portas do vello continente, loitan por manter viva a esperanza a pesar das precarias condicións baixo as que subsisten. *Varados* achégase á vida cotiá dos refuxiados de longa duración. En edificios ocupados en Atenas ou en campos de refuxiados espallados por todo o país, estes homes e mulleres seguen á espera dunha documentación que lles permita continuar coas súas vidas.

* Sesión organizada en colaboración con Amnistía Internacional e a ONG Zaporeak

«Un potente retrato do que sempre debéramos conservar: a empatía cara aos demais. Tenro e necesario»

Carlos Loureda, FOTOGRAMAS



“Creo na capacidade do cinema como elemento transformador”

Entrevista a Helena Taberna

Por Lucía Blázquez

Como nace o proxecto de *Varados*?

Se reparas na miña filmografía, sempre busco o momento xusto. *Nagore* (2010) estreouse na Seminci e xusto ese día reabriron o caso no Tribunal e entramos en todos os diarios de mañá e tarde. *Varados* xurdiu a través da plataforma Zaporeak, chanteime en Grecia co produtor e o director de fotografía e comezamos rodar. Foi unha experiencia moi bonita.

Varados pode xerar moita concienciación arredor dos refuxiados. A quen dirixes a mensaxe, á cidadanía ou aos gobernos?

Eu creo que vai axudar a reflexionar. Sempre ficamos coas imaxes dos medios de comunicación, as máis impactantes e sensacionalistas, pero logo esquecemos todo. Non tomamos conciencia de que os refuxiados son seres humanos coma nós. Coido que *Varados* devolve a dignidade aos refuxiados. Cando calquera persoa ve como é a vida cotiá dos refuxiados de

longa duración, decátase de que non é tan diferente da nosa. A min emocioname velos máis próximos a nós: como se quere esa parella de Camerún, cando Mohammed fala coa súa muller por teléfono. *Varados* non fai sangue, porque eles queren mostrarse como as persoas que son.

A pesar de que todos os teus filmes tratan temas de actualidade, nalgúns casos usas persoas reais e noutros actores. Por que en *Varados* decidiches botar man de persoas reais?

O xénero que elixín en *Acantilado* (2016) ou en *Nagore* foi a ficción, pero o documental obriga a coller persoas reais. Adoito alternar, porque para dirixir actores é interesante traballar con persoas reais. A diferenza é que cando é real tes a responsabilidade de que o que contas sexa verdadeiro. Na ficción a obriga é facelo verosímil.

Por que decidiches afondar en temas sociais como directora?

Porque me parece que no cinema hai que ser bastante atrevido. Se un tema é interesante pero está mal construído cinematograficamente, ese tema non existe. Porén, se é un bo filme, a xente falará do seu contido. Creo na capacidade do cinema como elemento transformador. Creo que o cinema é sanador. Creo que eu mesmo sería peor persoa de non ser polo cinema. Deberamos ter un ritual de ir ás salas cando menos unha vez á semana.

Se tiveras que realizar outro proxecto que temática social escollerías? Agora vou gravar unha historia de amor. Vou meter nas relacións de parella a fondo para ver que hai detrás da idea do amor romántico. O que quero é profundar sempre na alma humana. Pretendo emocionar sen trampa: ti podes emocionarse con música de violíns ou mostrando e recuando. Eu adoito recuar. O meu cinema busca emocionar porque é a mellor maneira de facer reflexionar: que toque o corazón e logo pase ao pensamento.

Que pensas da escasa presenza de mulleres na dirección de filmes?

Non estamos en mal momento e é importante que as mulleres directoras teñamos protagonismo real. Debemos ter orzamentos axeitados para facer obras de calidade. Creo que de maneira natural o cinema dunha muller preparada e intelixente vai ser feminista. Estou contenta de elixir a carreira que desenvolvo, e non foi doado.

Publicado en <https://cinemagavia.es>
Tradución: Xan Gómez Viñas

A directora

Helena Taberna conta cunha traxectoria marcada pola coherencia na elección dos seus proxectos e por un estilo moi persoal. O seu cinema ten tratado temas como o terrorismo, a migración, a Guerra Civil ou a violencia de xénero. Estréase en 2000 con *Yoyes*, un dos filmes máis taquilleiros do seu ano, para saltar ao documental con *Extranjeras* (2005). Outros filmes salientábeis son *La buena nueva* (2008), *Nagore* (2010) e *Acantilado* (2016).

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

